

REGULAMENTO

HappyGoRunning - Cidade Universitaria 2018

(22/04/2018)

CARREIRAS

1. **Control e dirección da carreira.** Estará a cargo do persoal técnico da propia Área de Benestar, Saúde e Deporte.

2. **Persoas participantes.** Poderán participar as persoas nadas no ano **2000** ou anos anteriores e a inscrición deberá efectuarse exclusivamente no sitio web: www.deporxest.uvigo.es

No caso das persoas universitarias, estas haberán de sinalar na inscrición a Universidade, o campus e o centro ao que pertencen, e deberán especificar a súa condición de alumnado, PDI ou PAS.

3. **Circuíto.** A carreira desenvólvese sobre un circuíto de 3.333 m. que transcorre entre os vieiros interiores do Campus e a entrada á Cidade Deportiva do Círculo Mercantil e Industrial de Vigo.

4. **Distancias:** As persoas participantes haberán de optar por correr nunha destas distancias:
- 6.6 km. (dúas voltas ao circuíto) ou 10 km. (tres voltas ao circuíto)

5. **Hora e lugar da saída:** a carreira terá saída ás 11.00 h na contorna da Piscina universitaria.

6. **Ordenación da saída.** Establécense os seguintes caixóns de saída:

A: participantes con expectativa de remate de 10 k. de 35 minutos ou menos

B: participantes con expectativa de remate de 10 k. entre 35 e 40 minutos

C: participantes con expectativa de remate de 10 k. entre 40 e 45 minutos

D: participantes na carreira 6.6 k. ou aqueles con expectativa de remate de 10 k superior a 45 minutos.

7. **Circuíto de carreiras populares de Vigo.** A carreira de 10 k formará parte do **Circuíto Run Run Vigo de Carreiras Populares**. As persoas inscritas na carreira desta distancia da *HappyGoRunning - Cidade Universitaria* quedarán inscritos/as automaticamente no circuíto RunRun Vigo.

8. **Prazo de inscrición.** Ata ás 23.59 h. do **mércoles 18 de abril**. Non se admitirán inscricións fóra de prazo.

9. **Número máximo de participantes:** o evento está limitado a un máximo de 1000 persoas participantes.

10. **Cotas de inscrición:**

- **5 €** para as persoas pertencentes á comunidade universitaria galaico-duriense (universidades de Galicia e o Norte de Portugal).

- **7 €** para o resto de participantes.

A cota por participante inclúe xa unha achega de **1€** que a Universidade de Vigo entregará para un proxecto solidario da Fundación Galega contra o Narcotráfico.

11. **Premios (só para a participación na carreira de 10 km)**

- **Clasificación xeral:** outorgaranse premios ás tres primeiras persoas clasificadas de cada xénero na carreira 10 k.

1º 400 € / 2º 300 € / 3º 200 €

- **Clasificación Universitaria Galaico-Duriense:** outorgarase un premio ao campus gañador e agasallos ás persoas, ata un máximo de 20, que o integren (consultar o anexo I co Regulamento Específico desta Clasificación).

- **Clasificación por equipos da Universidade de Vigo:** outorgarase premio ás persoas integrantes dos dous primeiros equipos clasificados (consultar o anexo II co Regulamento Específico desta clasificación).

12. **Entrega dorsais.** Serán entregados pola organización ata **media hora antes** do comezo da carreira, na secretaría situada no **Teatro Vidal Bolaño**.

13. As reclamacións sobre a competición deberán ser presentadas ante a Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo.

13. **Seguro de accidentes.** A Universidade de Vigo subscribirá un seguro de accidentes para as persoas participantes na carreira.

14. A Universidade de Vigo e as súas entidades colaboradoras non se fan responsables dos posibles danos que con motivo da competición poidan sufrir as persoas participantes ou ocasionar a outras, sen prexuízo dos dereitos que lle puidesen corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.

15. A soa inscrición no evento *HappyGoRunning - Cidade Universitaria* implica a total aceptación do preceptuado no presente regulamento.

ANDAINA: Desenvolveranse en paralelo á carreira con saída ás 9.30 dende a porta do Teatro Vidal Bolaño (Área Comercial do Campus Lagoas Marcosende). Poderán participar as persoas nadas en 2005 ou anos anteriores, terá un custe de 4 € que inclúen unha achega solidaria de 1 € e a inscrición efectuarse exclusivamente no sitio web: www.deporxest.uvigo.es